

Unha nova andaina

Sarmiento inicia unha nova andaina, que dará continuidade aos seus 20 anos de vida, ao tempo que procurará mellorar os parámetros que definen a calidade dunha revista científica.

Mantense o título, que constitúe unha homenaxe a frei Martín Sarmiento (1695-1772), monxe beneditino galego que participou das ideas da Ilustración e nos legou fermosas páxinas sobre a educación. Entre os seus escritos pedagóxicos cabe destacar *Digresión sobre los maestros y la enseñanza en Galicia* (1762), *Digresión sobre la educación de la juventud española* (1764), *Tratado de la educación de la juventud* (1768) e *Onomástico etimológico latín-galego* (1769). Nestes textos reivindicou a utilización da metodoloxía científica en beneficio dun ensino experimental e baseado na observación, criticou con lucidez a educación tradicional e a metodoloxía memorística e reclamou unha educación acorde co contexto cultural e lingüístico de Galicia.

Modifícase o subtítulo, que no futuro será *Revista Galego-Portuguesa de historia da Educación / Revista Galego-Portuguesa de História da Educação*. Este cambio reflicte a vontade de ampliar o ámbito espacial da revista, que no pasado xa estaba aberta á temática e á lingua portuguesas, así como de incrementar a súa masa crítica.

Támén se introduciron cambios nos consellos editor –interesa subliñar especialmente a incorporación de Joaquim Pintassilgo e Justino Magalhães, en sintonía co novo carácter que aspira a ter a revista– e asesor. Consérvase a composición do comité de redacción.

As normas de edición foron revisadas e actualizadas, procurando axustalas o máis posible ás do resto das revistas científicas do noso ámbito disciplinar e espazo xeográfico. Só se considerará a posibilidade de publicar os orixinais que se axusten estritamente a estas normas.

Sarmiento continuará a se editar polas tres universidades galegas –é a única revista que ten esta condición–, e publicarase na plataforma de revistas electrónicas OJS da Universidade da Coruña (<http://www.udc.es/publicacions/revistas>).

O presente número, que inicia esta nova andaina, ten unha parte monográfica dedicada á depuración do maxisterio practicada polas autoridades franquistas. Logo dun artigo de carácter xeral, analízase a concreción deste proceso en cada unha das provincias galegas. Na sección documental preséntanse o expediente de depuración de María Barbeito Cerviño, as penurias padecidas por Antón Alonso Ríos para rispar das gadoupas da morte e a relación do profesorado morto nas catro provincias galegas por mor da sublevación fascista de 1936.